

Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 11.11.2016

EPÍGRAFE 51 PREVAIS, AVAIS E OUTRAS GARANTÍAS, SOBRE ESTRANXEIRO

CLASE DE OPERACIÓN	Por gastos de estudo (Unha única vez) (Véxase a nota 10)		Por formalización (Unha única vez)		Por risco (Trimestral) (Indicativo)	
	%o	MÍNIMO	%o	MÍNIMO	%o	MÍNIMO
		Euros		Euros		Euros
1. EMITIDOS.						
1.1 Preavais	5,00	150,25	10,00	150,25	20,00	75,13
1.2 Avais técnicos	5,00	150,25	10,00	150,25	20,00	75,13
1.3 Avais financeiros:						
1.3.1 Ata 1 ano	5,00	150,25	10,00	150,25	20,00	75,13
1.3.2. A máis de 1 ano	5,00	150,25	10,00	150,25	20,00	75,13
1.4 Comisión de dispoñibilidade	-----		-----	60,10	5,00	
1.5 Modificacións (Véxase a nota 9)	----		----	(a)	(Véxase a nota 8)	
2. RECIBIDOS.						
2.1 Emisión ou aviso con compromiso	----		1,00	48,08	3,00	60,10
2.2 Notificación ou aviso (sen compromiso)	----			30,05 (a)	----	
2.3 Modificacións (Véxase a nota 9)	----		----	75,00 (a)	----	
2.4 Xestión documental de execución de aval (Véxase a nota 11)	-----		2,00	60,00	-----	
(a) Este importe ten carácter de único, non de mínimo.						

- NOTA 1** Considerarase comprendida nesta EPÍGRAFE a prestación de toda clase de caucións, garantías e fianzas para asegurar o bo fin de obrigas ou compromisos contraídos polo cliente ante un terceiro.
- NOTA 2** Considéranse preavais aqueles negocios xurídicos polos que o banco contrae o compromiso de outorgar o aval definitivo á persoa ou entidade que o solicite e a favor do beneficiario da garantía, sempre que se cumpran as condicións establecidas nese compromiso, que non dependerán da vontade do banco.
- NOTA 3** Considéranse avais de carácter técnico os que non supoñen obriga de pagamento para o banco avalista, pero responden do incumprimento dos compromisos, non económicos, que o avalado ten contraídos.
- NOTA 4** Avais de carácter económico: poden ser de carácter comercial ou financeiro. Os primeiros refírense a operacións de natureza comercial e responden do pagamento adiado en compravenda de calquera clase de bens, fraccionamentos de pagamentos, sumas entregadas anticipadamente, etc.
- Os segundos responden de créditos ou préstamos obtidos polo cliente avalado doutras entidades, ante as que o banco avalista queda obrigado directamente ao seu reembolso; xeralmente, consisten en aval en letras financeiras ou en pólizas de crédito ou préstamo.
- NOTA 5** A comisión por risco percibirase por trimestres anticipados. A devindicación da comisión acabará co vencemento do aval ou garantía, a súa anulación en forma fidedigna e a enteira satisfacción do banco ou, se for o caso, cando caduque ou prescriba o dereito de reclamación do acredor afianzado.
- NOTA 6** No caso de garantías prestadas ante unha entidade estranxeira nas que o banco español que actúa como garante ante o estranxeiro esixise, pola súa parte, contragarantía bancaria en España, consideraríanse como operacións distintas a garantía ante o estranxeiro e a contragarantía que puidese apoiala, e cada unha delas devindicaría as súas propias comisións.
- NOTA 7** Se se executasen estas operacións, percibiríanse as comisións establecidas na EPÍGRAFE 53.- correspondente a transferencias, ordes de pagamento simples, cheques e cheques de viaxe ou EPÍGRAFE 52.- se procedese efectuar unha orde de pagamento contra documento.
- NOTA 8** Cobrarase sobre o risco medio non utilizado. Só será aplicable naquelas operacións en que a utilización do aval sexa facultativa do cliente, é dicir cando se trate de liña de avais.
- NOTA 9** A comisión por modificación percibirase con independencia das que puidesen corresponder por incremento do importe da garantía ou por extensión do seu prazo de validez. Esta comisión percibirase por cada modificación.
- NOTA 10** Non se percibirá comisión de estudo nos avais cando existisen preavais polas mesmas operacións aos que xa se lles cobra a citada comisión.
- NOTA 11** Xestión dos documentos presentados polo beneficiario do aval con motivo da execución da operación en caso de que a execución deba efectuarse contra documentos.
- NOTA 12** Percibiranse en concepto de gastos de correo os de franqueo xerados por cada envío e repercutiranse ao cliente as comisións do correspondente, se as houber.
- NOTA 13** En concepto de gastos de reclamación, cando se fixese efectiva a contía ou cando proceda en función da operación, percibirase unha comisión fixa de 30,00 euros, por unha soa vez e por cada rúbrica (nova posición debedora vencida) e sempre que a reclamación se producise efectivamente.